

## VALORACIÓN ECONÓMICA DOS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO NA PESQUEIRA DE SARDIÑA

M.<sup>a</sup> D. Garza Gil<sup>1</sup>, M. M. Varela Lafuente<sup>2</sup> e J. Torralba Cano<sup>3</sup>

Universidade de Vigo

FCC Económicas e Empresariais

Lagoas-Marcosende s/n. 36310 Vigo.

Correo\_e: <sup>1</sup>dgarza@uvigo.es, <sup>2</sup>mmvarela@uvigo.es, <sup>3</sup>jtorralba@uvigo.es

### RESUMO

Preténdense avaliar os posibles efectos económicos do cambio climático nunha das pesqueiras relevantes para o sector pesqueiro español: a pesqueira de sardiña iberoatlántica, especialmente sensible aos cambios ambientais. Para isto, introdúcese no problema de xestión a temperatura da auga superficial do mar, a cal permite recoller evidencias do cambio climático e a súa repercusión nos ecosistemas e especies mariños, que serán a base das funcións de produción pesqueira. Utilízase unha estrutura determinista para describir a evolución da biomasa da pesqueira e, a partir da sensibilidade desa función de crecemento respecto a flutuacións nas condicións oceanográficas, analízanse os impactos no rendemento económico óptimo da pesqueira derivados dun posible cambio nas condicións de temperatura do ecosistema. Formúlanse, ademais, diversos escenarios posibles nas tendencias da temperatura superficial do mar. Os resultados mostran que, de manterse a tendencia de quentamento na auga superficial do caladoiro iberoatlántico, tanto a biomasa de sardiña como os beneficios esperados descenderían notablemente, aínda que nun escenario de control e mitigación do quentamento global descenderían nun menor grao.

### SUMMARY

The economic effects of climate change on one of the most relevant Spanish fisheries, the Iberoeatlantic sardine, are evaluated. For this, the temperature in the surface water of the sea is included in the management problem. This variable takes evidence from climate change and its effect on the marine ecosystem and species. Using a deterministic structure of the biomass dynamic, the impacts of the changes in temperature on optimum economic profits are analyzed. Several scenarios regarding temperature changes are proposed. The results show both biomass and profit decrease if the temperature of the surface water of the sea increases. The greater the intensity of global warming, the lower the profits. And if global warming is mitigated, profits diminish at a lower rate.

### INTRODUCCIÓN

Ao longo dos últimos anos acumuláronse evidencias do cambio climático e dos impactos sobre distintos sectores e sistemas deste. O quentamento global representa unha das principais ameazas para o desenvolvemento sustentable e, en consecuencia, supón un dos retos ambientais máis significativos dos últimos lustros con efectos sobre a economía, a saúde e o benestar social. Cómpre, polo tanto, identificar as evidencias do impacto sobre a biodiversidade e realizar unha valoración económica del.

No caso concreto dos ecosistemas mariños, os cambios na frecuencia e intensidade das precipitacións, a acidez, a temperatura das augas, o vento, o CO<sub>2</sub> disolto e a salinidade, combinados coa

contaminación antropoxénica por nutrientes e toxinas, poden afectar á calidade da auga tanto en zonas costeiras como en mar aberto e, en consecuencia, á produtividade do medio mariño. E dado que a pesca é unha das actividades económicas que depende de forma máis crítica das condicións ou características naturais, a influencia dos cambios ambientais sobre esta actividade é notablemente superior á que se pode producir nas restantes actividades primarias<sup>1</sup>.

Asúmese con bastante probabilidade que o quentamento global alterará a intensidade e configuración das correntes oceánicas e iso repercutirá, entre outros efectos, nun incremento das temperaturas oceánicas<sup>2</sup>. Os impactos diferirán por ecosistemas e zonas costeiras ou oceánicas, e afectarán a diversos grupos de organismos, desde ao fitoplancto e zooplancto a peixes e algas<sup>3</sup>. Entre estes organismos, as especies peláxicas serán, polo seu elevado grao de inestabilidade e sensibilidade a impactos ambientais, as especies máis afectadas polos impactos do cambio climático sobre os mares e os océanos. Estas especies son especialmente sensibles aos cambios de temperatura e de afloramentos de nutrientes no medio mariño; polo tanto, calquera variación na temperatura repercutirá en maior ou menor medida nos niveis de produtividade destas especies.

E entre as especies peláxicas, e aos nosos efectos, destaca a pesqueira de sardiña europea nos caladoiros iberoatlánticos. Trátase dunha especie de elevado consumo por parte dos fogares españois e galegos, obxectivo dunha parte substancial das frotas española e galega e, en consecuencia, dunha pesqueira de gran relevancia socioeconómica para o sector pesqueiro e para determinadas comunidades do litoral.

A avaliación económica dos efectos do cambio climático sobre a actividade pesqueira foi abordada nos últimos anos na literatura económica de pesqueiras. Entre outras referencias, destacamos as seguintes. Arnason (2005) avalía o posible impacto do cambio climático sobre a produción pesqueira de Islandia formulando diferentes escenarios de incremento de temperatura; na mesma liña, Eide (2005) analiza o posible impacto nas pesqueiras do mar de Barents; Gallagher (2005) realiza unha aplicación á pesqueira de bacallau en Nova Zelandia diferenciando por zona e método de pesca; Röckmann (2005) analiza os efectos de posibles cambios na salinidade sobre a pesqueira de bacallau no Báltico; Sissener e Bjørndal (2005) estudan os efectos do cambio climático sobre a traxectoria migratoria do arenque noruegués; Arnason (2006) formula un modelo teórico no que introduce os riscos derivados do quentamento global; Briones *et al.* (2006) desenvolve un modelo aplicado a pequenos peláxicos en pesqueiras da India, Filipinas e Tailandia; Hannesson (2006) analiza os efectos do quentamento sobre a pesqueira do arenque noruegués; e Herrick *et al.* (2006) realizan unha aplicación á pesqueira de sardiña en augas norteamericanas do Pacífico.

Neste capítulo preténdese estimar o impacto de previsibles incrementos na temperatura dos océanos sobre a explotación económica da pesqueira obxecto de estudo. Para iso, en primeiro lugar descríbese a pesqueira de sardiña iberoatlántica no seu conxunto e resáltase a correlación existente entre a temperatura do mar e a variación de biomasa ao longo do tempo e, polo tanto, das capturas desembarcadas. A continuación, centrándonos na pesqueira en augas galegas, débúxase o escenario cero que se utilizará como referencia para a valoración económica do impacto. En terceiro lugar, desenvólvese o modelo bioeconómico aplicado á pesqueira. En cuarto lugar, e tendo en conta previsións de variación da temperatura da auga do mar nestes caladoiros, formularanse os posibles escenarios futuros para, a continuación, estimar os efectos económicos de tales escenarios. Por último, resaltaránse as conclusións máis significativas da análise económica.

<sup>1</sup> Hannesson (2006).

<sup>2</sup> ACIA (2004), IPCC (2007).

<sup>3</sup> Ministerio de Medio Ambiente (2006).



## A PESQUEIRA DE SARDIÑA IBEROATLÁNTICA

A sardiña europea (*Sardina pilchardus*) é unha especie peláxica que se distribúe nunha ampla zona das augas do Atlántico nordeste e áreas adxacentes (desde o mar Negro, no leste, ata as augas das illas dos Azores, no oeste). Igual que a maior parte das especies peláxicas, a sardiña habita en augas pouco profundas, en zonas de elevada produtividade primaria (fitoplancto e zooplancto), situadas xeralmente ao bordo de áreas de anticiclóns, e onde se producen intensos fenómenos de afloramento cara á superficie dos nutrientes primarios.

Os científicos estiman que os límites norte e sur na distribución desta especie posiblemente estean relacionados coa temperatura media das augas, pois necesitan situarse en augas con temperaturas entre os 10 e 20 °C. Polo tanto, trátase dunha pesqueira especialmente sensible aos efectos do cambio climático, o cal podería repercutir ben nun descenso de produtividade ben nun desprazamento da biomasa cara a augas máis frías. Desde o ano 1980, o Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES), como institución encargada de avaliar a situación da sardiña europea, considera como unidade de xestión a zona comprendida entre a fronteira marítima franco-española e o estreito de Xibraltar. A maior parte das capturas desta especie realízanse en augas da plataforma continental iberoatlántica, na zona que se coñece como área de distribución do stock de sardiña nas divisións ICES VIIIc e IXa.

Cadro 1. Pesqueira de sardiña iberoatlántica. 1987-2006

	<b>Biomasa</b> (toneladas)	<b>Capturas totais</b> (toneladas)	<b>Esforzo</b> (días de pesca)
1987	595.386	176.283	--
1988	519.120	157.273	46.734
1989	437.032	146.539	43.555
1990	398.049	142.966	49.359
1991	404.135	132.785	43.773
1992	523.878	131.196	49.988
1993	583.768	144.949	47.080
1994	591.399	138.725	39.767
1995	648.862	126.755	35.936
1996	441.428	115.179	34.199
1997	391.637	117.250	34.882
1998	337.598	112.033	36.050
1999	337.627	95.793	31.171
2000	270.662	87.272	21.702
2001	309.425	102.903	27.302
2002	437.401	101.741	31.617
2003	439.777	99.113	29.519
2004	444.147	98.464	30.451
2005	385.976	97.282	29.996
2006	545.459	--	--

Fonte: Biomasa e capturas, International Council for Exploration of Sea (ICES), Report 2007; Esforzo, elaboración propia a partir de información facilitada polo Instituto Nacional de Agricultura e Pesca de Portugal, o Instituto Español de Oceanografía e enquisas ao sector pesqueiro.

A especie captúrase utilizando a modalidade do cerco. Neste momento existen en Galicia 175 embarcacións dedicadas á captura desta especie, destinándose a totalidade destas ao consumo humano. Pero estes buques tamén se dirixen á captura doutras especies peláxicas, fundamentalmente o xurelo, a xarda e, máis recentemente, a anchoa (ata o establecemento dunha moratoria na pesqueira desta especie en 2006).


A UE regula esta pesqueira unicamente a través do establecemento de tamaños mínimos de capturas desde 1999 (11 cm). O Goberno central limitou as capturas por embarcación e día (7.500 kg para tamaños superiores a 15 cm e 500 para tamaños comprendidos entre 11 e 15 cm) e estableceu un paro biolóxico durante o cal non é posible pescar (desde o 1 de febreiro ata o 31 de marzo de cada ano). Pola súa parte, o Goberno autonómico estableceu un descanso semanal de dous días co obxectivo de regular o esforzo pesqueiro exercido na pesqueira.

No cadro 1 pódese observar a evolución de biomasa de sardiña no período 1987-2006 a partir de datos facilitados polo ICES. Tal e como se pode apreciar no cadro, a biomasa de reprodutores de sardiña iberoatlántica experimentou grandes oscilacións nese período, podéndose establecer en xeral dúas etapas (con algunha excepción en anos concretos): 1987-2000, na que se detecta unha diminución progresiva da biomasa de sardiña, e 2000-2006, etapa na que se rexistra un lixeiro incremento desta.

Estas fases na evolución da biomasa non parecen reflectirse con igual ritmo e intensidade nas capturas totais desembarcadas desta especie. Se na segunda metade da década dos oitenta as capturas se situaron en torno ás cento cincuenta mil toneladas, a partir de entón non deixaron de diminuír paulatinamente, especialmente nos últimos anos do período estudado e a pesar do incremento estimado para a biomasa de sardiña. Isto último pode estar relacionado co descenso progresivo no número de buques que traballan na pesqueira desde comezos dos noventa.

Por outro lado, ao tratarse dunha especie peláxica, a sardiña é extremadamente sensible a cambios ambientais, en xeral, e a incrementos da temperatura nos océanos, en particular. Nas figuras 1 e 2 recóllese, respectivamente, a evolución da temperatura da auga superficial do mar para o conxunto da pesqueira e por zona xeográfica. E na figura 3 pódese observar a evolución da biomasa reprodutora e da temperatura media da auga no litoral Cantábrico-noroeste no período 1978-2006.

Figura 1. Evolución da media anual da temperatura superficial do mar. 1960-2005.




Fonte: Elaboración propia a partir de Departamento de Oceanografía do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC).

Pódese apreciar como, tras períodos de lixeiros incrementos na temperatura da auga, se produce un descenso da poboación de peixes. Isto é especialmente significativo nos períodos 1986-1990 e 1994-1998. En cambio, tras períodos de diminución de temperaturas (1990-1992 e 1997-2003) experimentase un incremento no nivel de biomasa de sardiña.




Figura 2. Evolución da media anual da temperatura superficial do mar por zona xeográfica. 1960-2005



Fonte: Elaboración propia a partir de Departamento de Oceanografía do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC).

Cabe destacar, asemade, a tendencia crecente na temperatura media observada ao longo do período 1978-2006 en torno a  $0,7\text{ }^{\circ}\text{C}$ , o cal supón un incremento anual medio de  $0,025\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Este incremento foi especialmente significativo nos últimos trinta anos do período analizado, de tal maneira que a temperatura media anual da auga superficial aumentou a un ritmo de  $0,27\text{ }^{\circ}\text{C}$  por década<sup>4</sup>. Este último dato será o que utilizemos como referencia no modelo aplicado e asumiremos que se mantén esa tendencia no incremento de temperatura da auga superficial do mar para as próximas décadas, aínda que tamén formularemos outros escenarios posibles.

Figura 3. Evolución da biomasa reprodutora de sardiña e da temperatura do mar. 1978-2006



Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados polo IEO e CSIC.

No cadro 2 móstranse os datos de correlación de biomasa e capturas desembarcadas coa temperatura media do mar. O signo negativo da temperatura denota que ante variacións nesa variable se producen variacións de signo contrario na biomasa e nas capturas desembarcadas.

Cadro 2. Correlación entre as variables biomasa, capturas e temperatura.

CORRELATION MATRIX OF VARIABLES - 28 OBSERVATIONS				
SSB	1.0000			
SSBPOST	0.78188	1.0000		
CAPTUR	0.68326	0.72044	1.0000	
TEMP	-0.49112	-0.67648	-0.68779	1.000
SSB	SSBPOST	CAPTUR	TEMP	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados polo IEO.

<sup>4</sup> Rosón (2008).

De todo o anterior despréndese que oscilacións na temperatura do mar repercutirán na produtividade natural deste stock de peixes e, en consecuencia, afectarán á xeración de rendementos económicos futuros. Daquela, e ante o incremento de temperatura previsto en augas do Cantábrico-noroeste (como consecuencia do cambio climático global), neste capítulo realizaremos unha estimación do seu impacto económico na pesqueira. Previamente situaremos o *escenario cero*, a nosa situación de partida, coa que realizaremos a comparación de posibles escenarios futuros.

A frota galega achega en torno ao 13% das capturas totais xeradas na pesqueira de sardiña iberoatlántica. No cadro 3 pódese observar a evolución dos desembarcos da frota galega e os ingresos xerados coa súa venda en lonxa nos últimos dez anos. Respecto aos desembarcos, obsérvase unha tendencia decrecente nos últimos anos dos noventa, momento a partir do cal comezan a aumentar paulatinamente, salvo en 2002 como consecuencia en gran medida do peche das pesqueiras de litoral tras o afundimento do buque *Prestige* ata estabilizarse en torno ás vinte mil toneladas. Os ingresos experimentaron en xeral unha tendencia descendente igual que o prezo medio alcanzado nas vendas dos desembarcos de sardiña e en consonancia coa evolución observada na produción (véxase a figura 4).

Cadro 3. Evolución das capturas e ingresos na pesqueira de sardiña en Galicia. 1997-2007.


	Desembarcos (toneladas)	Ingresos (euros constantes 2007)	Prezo medio (euros/kg)
1997	19.303,04		
1998	8.548,63		
1999	6.474,87		
2000	5.930,54		
2001	14.546,12	12.493.800,2	0,86
2002	11.491,22	10.661.267,3	0,93
2003	13.237,87	9.632.988,3	0,73
2004	19.668,66	13.715.626,4	0,70
2005	21.511,70	11.969.763,4	0,56
2006	20.227,14	10.951.081,8	0,54
2007	16.714,95	10.741.674,3	0,64

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Servizo de Información Pesqueira.

Respecto aos custos de explotación derivados desta actividade pesqueira, a partir de EU (varios anos) e de enquisas realizadas a representantes do sector implicado, dispoñemos de información relativa á estrutura de custos desta frota en relación co valor anual dos desembarcos de sardiña. Tal e como se pode observar no cadro 4, a maior proporción dos gastos da frota destínase ao pagamento dos soldos e salarios da tripulación (representan algo máis do 55% de media en todo o período), seguido do excedente bruto de explotación/renda mixta –renda do armador/propietario do buque–, que supoñen o 17% aproximadamente, e os custos do buque –fundamentalmente reparacións e mantemento das embarcacións e do equipamento de pesca–, que representan en torno ao 14%. Destaca tamén o paulatino incremento dos custos de fuel, especialmente significativo no último ano do período dispoñible.



Figura 4. Evolución da produción e ingresos na pesqueira galega de sardiña. 2001-2007.



Fonte: Elaboración propia

Cadro 4. Estrutura de custos da frota de cerco galega. 2001-2006

%	2001	2002	2003	2004	2005	2006	Media 2001-2006
Valor desembarcos	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Custos fuel	5,70	7,14	7,96	7,14	5,00	7,47	6,74
Outros custos correntes	5,37	6,43	6,23	9,09	7,22	10,33	7,44
Custos do buque	16,11	14,29	13,15	12,34	16,67	10,55	13,85
Custos tripulación	53,69	53,93	57,09	54,87	56,39	55,60	55,26
EBE/RMx	19,13	18,21	15,57	16,56	14,72	16,04	16,71
VAB	72,82	72,14	72,66	71,43	71,11	71,65	71,97

Fonte. Elaboración propia a partir de European Commission (varios anos) e entrevistas persoais.

Por outro lado, aínda que o obxectivo do traballo é estimar os efectos do incremento de temperatura do mar sobre a frota galega, e dado que a unidade biolóxica de stock de sardiña afecta ao conxunto das zonas ICES VIIIc e IXa, previamente debemos estimar os impactos sobre o conxunto da pesqueira iberoatlántica para despois estimar os correspondentes ao sector galego. Polo tanto, os parámetros de prezo unitario das capturas desembarcadas ( $p$ ), custo por unidade de esforzo exercido ( $w$ ) e taxa de desconto ( $\delta$ ) que se utilizarán nas estimacións corresponden ao conxunto da pesqueira iberoatlántica. Estes datos reflíctense no cadro 5.

Cadro 5. Parámetros económicos do conxunto do caladoiro para as estimacións do estado estacionario

	Unidade	Valor
Prezo por unidade de captura	€/tonelada	613,07
Custo por unidade de esforzo	€/día de pesca	912,47
Taxa social de desconto	%	4,88

Fonte. Elaboración propia a partir de European Commission (varios anos) e cadros 1-3.

Con estas premisas, estamos en disposición de formular o modelo bioeconómico que se utilizará para estimar os efectos derivados de cambios na temperatura da auga superficial do mar tanto sobre os beneficios do conxunto da pesqueira como para o sector pesqueiro galego. Empregaremos como horizonte temporal un período de aproximadamente 25 anos, ata 2030, tal e como se propón como un dos horizontes posibles en VV.AA. (2007).

## MÉTODO

Para desenvolver e resolver o modelo bioeconómico aplicado á pesqueira de sardiña iberoatlántica, é necesario determinar as formas funcionais da dinámica de crecemento natural da biomasa de sardiña e da tecnoloxía pesqueira existente na pesqueira.

Comezando pola función de crecemento natural, téñense estimado diversas formas funcionais considerando, tal e como se constatou en seccións previas, que a restrición biolóxica da dinámica do recurso mariño incorpora as condicións ambientais a través da temperatura da auga superficial do mar. En concreto, estimamos as seguintes formas funcionais:

$$\begin{aligned} X_{t+1} &= aX_t - bX_t^2 + cT_t - h_t \\ X_{t+1} &= a e^{bX_t + cT_t} - h_t \\ X_{t+1} &= aX_t^b T_t^c - h_t \\ X_{t+1} &= aX_t^{b+cT_t} - h_t \end{aligned} \quad [1]$$

Onde  $X$  denota a biomasa de peixes,  $h$  as capturas e  $a$ ,  $b$  e  $c$  son parámetros que recollen condicións ambientais do ecosistema.

En xeral, as formas funcionais recollidas en [1] achegan parámetros significativos para os niveis aceptados habitualmente nos contrastes de hipóteses de inferencia estatística (menos do 5% de significación), salvo a primeira expresión (véxase o cadro 6). Para comparar estas expresións, utilizamos criterios de selección de modelos baseados na capacidade explicativa do modelo. En particular, utilizamos o coeficiente de determinación corrixido,  $\bar{R}^2$  (o valor máximo de todos eles), e o criterio baseado nos erros de predición, o estatístico AIC de Akaike (valor mínimo de todos eles).

O modelo que mellor se axusta á serie de datos é o último deles, no cal se asume que a función de crecemento natural da sardiña é lineal respecto ao stock de peixes de sardiña no período anterior e exponencial respecto á temperatura da auga superficial do mar do ano anterior:

$$X_{t+1} = 440.2752 X_t^{0.99196 - 0.026965 T_t} - h_t \quad [2]$$

Polo tanto, esta será a forma funcional que utilizaremos para describir a dinámica do stock de sardiña no desenvolvemento do modelo bioeconómico. Dependendo das condicións ambientais definidas implicitamente no modelo a través da temperatura da auga superficial do mar, o stock de peixes futuro será máis ou menos sensible á biomasa do recurso en cada instante do tempo.






Cadro 6. Resultados das estimacións econométricas das funcións de crecemento natural da biomasa de sardiña

Forma funcional			Criterios de selección
Modelo 1	$\hat{X}_{t+1} = 2.8888X_t - 0.22895 \cdot 10^{-5} X_t^2 - 15042T_t - h_t$ (1.5600)      (0.1712*10 <sup>-5</sup> )      (0.2103*10 <sup>-5</sup> ) $R^2 = 0.5103$	$\bar{R}^2 = 0.4450$ AIC de Akaike = 0.84325*10 <sup>10</sup>	
Modelo 2	$\hat{X}_{t+1} = 98051165.76 e^{0.11567 \cdot 10^{-5} X_t - 0.34739 T_t} - h_t$ (1.491)      (0.2117*10 <sup>-6</sup> )      (0.8876*10 <sup>-1</sup> ) $R^2 = 0.7753$	$\bar{R}^2 = 0.7574$ AIC de Akaike = 0.17248*10 <sup>-1</sup>	
Modelo 3	$\hat{X}_{t+1} = e^{0.58432 \cdot 10^7 X_t^{0.34931 \cdot 10^6} T_t^{-0.35067 \cdot 10^7}} - h_t$ (0.2920*10 <sup>7</sup> )      (0.6155*10 <sup>5</sup> )      (0.8801*10 <sup>6</sup> ) $R^2 = 0.7823$	$\bar{R}^2 = 0.7649$ AIC de Akaike = 0.65255*10 <sup>10</sup>	
Modelo 4	$\hat{X}_{t+1} = 440.2752 X_t^{0.99196 - 0.026965 T_t} - h_t$ (1.279)      (0.1052)      (0.6633*10 <sup>-2</sup> ) $R^2 = 0.7859$	$\bar{R}^2 = 0.7688$ AIC de Akaike = 0.16436*10 <sup>-1</sup>	

Nota: Entre parénteses figuran os erros estándar dos parámetros nas regresións lineais (MCO).  
 Fonte: Elaboración propia a partir do cadro 1.

Na figura 5 comparamos os datos obtidos para a biomasa a través da estimación da expresión [2] e a biomasa observada no caso de que as capturas fosen nulas ao longo do período analizado. Asemade, a correlación observada entre ambas (coeficiente de Pearson = 0,75) indica unha relación significativa entre as dúas series de datos. O valor medio é de 628.180 e 641.300 toneladas, respectivamente, e os erros estándar na mostra correspóndense cos valores 140.640 e 160.000 toneladas para cada unha das dúas series de datos.

Figura 5. Biomasa estimada fronte a biomasa observada\*. 1978-2005.



$$^* X_{t+1} = 440.2752 X_t^{0.99196 - 0.026965 T_t} \text{ para } h_t = 0.$$

Fonte: Elaboración propia.

En relación coa tecnoloxía pesqueira, a forma funcional habitualmente utilizada na literatura económica de pesqueiras é de tipo Cobb-Douglas:

$$h_t = \alpha X_t^{\beta_1} E_t^{\beta_2} \quad [3]$$

Onde  $\alpha$  denota o coeficiente de capturabilidade e  $\beta_1$  e  $\beta_2$  recollen as elasticidades stock e esforzo, respectivamente, é dicir, a variación nas capturas ante modificacións unitarias nos inputs biomasa e esforzo pesqueiro. No cadro 7 pódense observar os resultados das estimacións econométricas.

Cadro 7. Resultados da estimación econométrica da tecnoloxía pesqueira.

$$\ln h_t = \ln \alpha + \beta_1 \ln X_t + \beta_2 \ln E_t$$

$$\ln h_t = 3.3659 + 0.0830 \ln X_t + 0.6887 \ln E_t$$

$$(1.043) \quad (0.0994) \quad (0.0997)$$

$$R^2 = 0.8573$$

Nota: Entre parénteses figuran os erros estándar dos parámetros nas regresións lineais (MCO).

Fonte: Elaboración propia a partir do cadro 1.

Polo tanto, a tecnoloxía pesqueira utilizada na pesqueira obxecto de estudo vén dada pola seguinte expresión:

$$h_t = 28.9595 X_t^{0.0830} E_t^{0.6887} \quad [4]$$

Tal e como se pode observar na expresión [4] a través das elasticidades, a produción pesqueira de sardiña iberoatlántica é relativamente máis sensible ao esforzo pesqueiro exercido na pesqueira ( $\beta_2 = 0.6887$ ) e menos á abundancia de biomasa de peixes ( $\beta_1 = 0.0830$ ). Asemade, o coeficiente de capturabilidade (capturas por unidade de inputs produtivos) é relativamente elevado ( $\alpha = 28.9595$ ).

Unha vez estimadas a dinámica do recurso e a tecnoloxía pesqueira, podemos formular o modelo bioeconómico aplicado á pesqueira de sardiña iberoatlántica. No caso de xestión centralizada, como é o caso da pesqueira obxecto de estudo, determínase o nivel de capturas que permitiría obter os maiores beneficios posibles derivados da explotación pesqueira tendo en conta a dinámica da biomasa de sardiña. É dicir,

$$\underset{h(t)}{\text{Max}} \int_0^{\infty} e^{-\delta t} (p h(t) - w E(t)) dt$$

$$\text{s.a. } \dot{X} = \frac{\partial X}{\partial t} = X(t+1) - X(t) = a X(t)^b + cT(t) - X(t) - h(t)$$

$$X(t) > 0$$

$$0 \leq h(t) \leq h_{\max}$$



Despexando o esforzo na expresión [4]:

$$h(t) = \alpha X(t)^{\beta_1} E(t)^{\beta_2} \Rightarrow E(t) = \frac{1}{\alpha^{1/\beta_2}} X(t)^{-\beta_1/\beta_2} h(t)^{1/\beta_2} \quad [5],$$

e recorrendo á teoría de control óptimo para resolver o problema bioeconómico<sup>5</sup>, a función Hamiltoniana asociada a este problema vén dada pola seguinte expresión:

$$H(X, h, t; \lambda) = e^{-\delta t} \left( p h(t) - \frac{w}{\alpha^{1/\beta_2}} X(t)^{-\beta_1/\beta_2} h(t)^{1/\beta_2} \right) + \lambda(t) \left( a X(t)^{b+cT(t)} - X(t) - h(t) \right) \quad [6]$$

e as condicións de primeira orde correspondentes a [6] son as seguintes:

$$\frac{\partial H(\cdot)}{\partial h(t)} = 0 \Rightarrow e^{-\delta t} \left( p - \frac{w}{\beta_2 \alpha^{1/\beta_2}} X(t)^{-\beta_1/\beta_2} h(t)^{(1-\beta_2)/\beta_2} \right) - \lambda(t) = 0 \quad [7]$$

$$\frac{\partial H(\cdot)}{\partial X(t)} = -\dot{\lambda}(t) \Rightarrow e^{-\delta t} \frac{\beta_1 w}{\beta_2 \alpha^{1/\beta_2}} X(t)^{(-\beta_1-\beta_2)/\beta_2} h(t)^{1/\beta_2} + \lambda(t) \left( a (b+cT(t)) X(t)^{b+cT(t)-1} - 1 \right) = -\dot{\lambda}(t) \quad [8]$$

$$\frac{\partial H(\cdot)}{\partial \lambda(t)} = \dot{X}(t) \Rightarrow \dot{X}(t) = a X(t)^{b+cT(t)} - X(t) - h(t) \quad [9]$$

Operando no sistema de ecuacións [7]-[9], e tendo en conta que nun estado estacionario  $\dot{X}(t) = 0$  e  $\dot{\lambda} = 0$ , a ecuación de equilibrio para a pesqueira vén dada pola seguinte expresión:

$$\begin{aligned} & \beta_1 A X(t)^{-(\beta_1+\beta_2)/\beta_2} \left( a X(t)^{b+cT(t)} - X(t) \right)^{1/\beta_2} \\ & + \left( p - A X(t)^{-\beta_1/\beta_2} \left( a X(t)^{b+cT(t)} - X(t) \right)^{(1-\beta_2)/\beta_2} \right) \left( a (b+cT(t)) X(t)^{b+cT(t)-1} - 1 \right) \\ & - \delta \left( p - A X(t)^{-\beta_1/\beta_2} \left( a X(t)^{b+cT(t)} - X(t) \right)^{(1-\beta_2)/\beta_2} \right) = 0 \end{aligned} \quad [10]$$

onde  $A = \frac{w}{\beta_2 \alpha^{1/\beta_2}}$

<sup>5</sup> Véxanse Kamien e Schwartz (1991) para maior detalle sobre este método.

A partir da expresión [10] obtense o valor de equilibrio para a biomasa de sardiña. Nótese que estes valores dependerán do nivel de temperatura da auga superficial do mar en cada instante do tempo. Unha vez estimada a biomasa, pódense obter os niveis de capturas a partir da expresión [2] que recolle a dinámica natural da sardiña, e o correspondente nivel de esforzo a partir da expresión [4]. Coñecidos os valores de capturas e esforzo pesqueiro para cada  $T$ , pódense estimar os beneficios que se xerarían na pesqueira. No cadro 6 figuran os valores obtidos para unha temperatura media da auga superficial do mar de 16,52 °C na pesqueira de sardiña para o ano de partida (2006).

Cadro 6. Valores estacionarios de biomasa, capturas, esforzo e beneficios.

	Total pesqueira	Galicia
Biomasa	242566.85	--
Capturas	143765.02	19135.12
Beneficios	40571394.16	5400052.56

Fonte. Elaboración propia.

Tal e como se pode apreciar no cadro 6, tanto a biomasa de sardiña como as capturas son sensiblemente inferiores aos valores correspondentes ao último ano da serie de datos, o cal podería indicar que o incremento na temperatura da auga superficial do mar está repercutindo na produtividade do stock de sardiña.

## RESULTADOS

Para obter resultados numéricos do impacto sobre os beneficios, e dado que os niveis de biomasa no noso modelo van depender da temperatura da auga superficial do mar ( $T$ ) nos próximos anos, imos asumir tres posibles escenarios para esta última variable. No primeiro escenario asumiremos que a temperatura da auga superficial do mar se incrementará ao mesmo ritmo que o aumento observado nas últimas décadas (0,027 °C por ano). No segundo escenario, asumiremos que o quentamento global se intensifica, e iso afecta á temperatura superficial do mar, aumentando en maior proporción que a experimentada ata o momento (formularemos incrementos do 5 e 10% sobre a tendencia das últimas décadas). E no terceiro escenario, en cambio, pero nun contexto de temperaturas crecentes, asumiremos que se controla en maior medida o quentamento global e iso repercutirá nunha diminución da temperatura da auga superficial en relación coa que se tivese producido de seguir a tendencia observada nas últimas décadas (diminución nun 5 e 10% sobre a tendencia pasada).

No cadro 7 resúmese os tres escenarios formulados. Por outro lado, tal e como temos comentado en epígrafes anteriores, traballaremos cun horizonte temporal ata o ano 2030 (este é un dos horizontes formulados para o caso español, VV.AA. 2007).



Cadro 7. Posibles escenarios de variación da temperatura da auga superficial do mar.

	Descrición	Variación en T
Escenario 1	Tendencia últimas décadas	Incremento anual en 0,027 °C
Escenario 2	Aceleración do quentamento global e do incremento en T	Incremento do 5 e 10% sobre a tendencia de décadas pasadas
Escenario 3	Control e mitigación do quentamento global e da variación en T	Diminución nun 5 e 10% sobre a tendencia de décadas pasadas

Fonte: Elaboración propia.


